

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27013703	CEIP de Quiroga	Quiroga	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	2º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	17
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	23

## 1. Introducción

A presente Programación Didáctica (PD) está enmarcada no decreto 155/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade deste centro os preceptos neste recollidos, na orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obligatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, e no decreto 155/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Nese senso, neste apartado esta programación remítese en primeira instancia ao reflectido na propia Introducción do Decreto na área e materia de Música e Danza, a cal, como se pode comprobar organizase arredor de dous eixes respectivamente:

- percepción e análise
- creación e interpretación

Farase especial fincapé no traballo das diferentes manifestacións artísticas musicais e da danza do mundo como fonte de variedade e riqueza cultural, artística e social.

Cada unha das 7 Unidades Didácticas (UD) que conforman esta PD está concibida para inculcarlle o alumnado a importancia de que o relevante non é o bonito ou feo que sexa o traballo realizado ou o seu valor artístico, senón que este sexa quen de adquirir técnicas e procedementos acordes á súa idade. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación musical ou da danza debe ser potenciada. Daremos especial importancia a dotar dunhas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante a música e o corpo como outros medios de expresión e comunicación.

O CEIP de Quiroga está situado no sur da provincia de Lugo, no concello do mesmo nome, enclavado na Ribeira Sacra e forma parte do territorio do Xeoparque da UNESCO Montañas do Courel. As principais actividades económicas son o sector agrario, o vitivinícola e de cultivo de oliveira e a extracción de lousa. Segundo os datos do INE do 1 de xaneiro de 2022 conta cunha poboación de 3125 habitantes.

No CEIP de Quiroga están matriculados 148 alumnos/as, conta con tres aulas de infantil e sete de educación primaria ( en segundo de primaria hai dous grupos). Hai dúas clases de 2º de educación primaria con 12 alumnos/as (5 nenos e 7 nenas) en 2º A e 15 alumnos/as (9 nenos e 6 nenas) en 2º B. O centro ten xornada de mañá e tarde os luns, e xornada de mañá de martes a venres. Hai servizo de transporte e comedor escolar. Conta con Seccións Bilingües en 1º, 2º, 3º e 4º de primaria na área de Educación Plástica e Visual e participamos en diversos programas como E-Dixgal, Inclúe, Plan Proxecta e PROA +.

Esta área está estruturada en 4 bloques que definen os obxectivos e os contidos básicos:

Bloque B1. Educación musical: percepción e análise

Bloque B2. Educación musical: creación e interpretación

Bloque B3. Educación en artes escénicas e performativas: percepción e análise

Bloque B4. Educación en artes escénicas e performativas: creación e interpretación

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4
OBX3 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1	4	3		1-2
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

**Descrición:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Hoxe temos festa	Canción, calidades do son, a voz, figuras e silencios, pequena percusión, movemento e danza, audición "O cuco"	14	5	X		
2	A castaña	Canción, pulso, pentagrama, compás binario, instrumentos da orquestra sinfónica, audicións "Sing, sing, sing" e "Semper fidelis"	14	5	X		
3	O nadal dos contos	Canción, sons da contorna, velocidade, instrumentos de corda, marcha, música de cine, audición "O lago dos cisnes"	14	5	X		
4	O lobo e os tres porquiños	Canción, sons da contorna, figuras, nota si, instrumentos de vento, audición "O inverno"	14	5		X	
5	A cabeza si, a cabeza non	Canción, sons da contorna, nota do. instrumentos de láminas, música e	14	5		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	A cabeza si, a cabeza non	movemento. audición "A máquina de escribir"	14	5		X	
6	Carapuchiña vermella	Canción, sons da contorna, nota fa, notas no pentagrama, matiz, instrumentos de tecla, música e movemnto, audición "Sinfonía dos xoguetes"	15	5			X
7	Sinfonía das verduras	Canción, nota re, notas no pentagrama, outras culturas, dramatización, audición "Danza das machadas"	15	5			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Hoxe temos festa	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Escoitar con respecto a audición	TI	100
CA1.3 - Desenvolver capacidades de recoñecemento visual e auditivo, clasificación, descrición e representación de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Recoñecer as calidades do son		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias de maneira guiada		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Repetir esquemas rítmicos sinxelos		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
-----------------

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de grafías non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais.</li> <li>- A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.</li> <li>- Vocabulario específico básico de música.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.</li> <li>- Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas.</li> <li>- Construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	A castaña	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Escoitar con respecto a audición	TI	100
CA1.3 - Desenvolver capacidades de recoñecemento visual e auditivo, clasificación, descrición e representación de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Recoñecer o compás binario		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Coñecer pulso e acento		
CA2.3 - Desenvolver a utilización de elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Participar activamente na canción do tema		
CA2.5 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe musical.	Participar nos exercicios de percusión corporal		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Mostrar confianza nas capacidades propias		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresar sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participar de maneira guiada no deseño de producións escénicas		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.</li> <li>- O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario.</li> <li>- Vocabulario específico básico de música.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.</li> <li>- Linguaxes musicais básicas: progreso no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos máis elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.</li> <li>- O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expresión e diversi</li> <li>- Técnicas dramáticas e dancísticas elementais.</li> <li>- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	O nadal dos contos	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Escoitar con respecto a audición	TI	100
CA1.3 - Desenvolver capacidades de recoñecemento visual e auditivo, clasificación, descrición e representación de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Recoñecer o tempo musical		
CA1.4 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Participar na interpretación de panxoliñas		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións musicais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participar de maneira guiada no deseño de producións musicais elementais		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Recoñecer os instrumentos de corda		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descubrir propostas artísticas a través da recepción activa		
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Recoñecer a música no cine		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.	Recoñecer os compositores amosados na unidade		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores



<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.</li> <li>- O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación.</li> <li>- Vocabulario específico básico de música.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación básicas.</li> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- Principais profesións vinculadas ás artes escénicas.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	O lobo e os tres porquiños	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Escoitar con respecto a audición	TI	100
CA1.3 - Desenvolver capacidades de recoñecemento visual e auditivo, clasificación, descrición e representación de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Recoñecer sons da contorna		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresar ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións musicais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Interpretar un ritmograma		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Crear ritmos de catro pulos		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresar ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participar no xogo das cadeiras musicais		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.</li> <li>- Vocabulario específico básico de música.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.</li> <li>- Construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación básicas.</li> <li>- O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expresión e diversi</li> <li>- Técnicas dramáticas e dancísticas elementais.</li> <li>- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	A cabeza si, a cabeza non	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Escoitar con respecto a audición	TI	100
CA1.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, empregando o vocabulario específico básico destas.	Coñecer aos protagonistas na música		
CA1.3 - Desenvolver capacidades de recoñecemento visual e auditivo, clasificación, descrición e representación de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Recoñecer sons da contorna		
CA1.5 - Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Desenvolver a capacidade de identificación de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Coñecer manifestacións artísticas de España		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Participar na actividade de danza e movemento		
CA2.5 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe musical.	Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Compartir as experiencias creativas musicais		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características, incluíndo as principais profesións vinculadas ás artes escénicas e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas		
CA3.4 - Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Desenvolver a capacidade de identificación de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- Principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical.</li> <li>- A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.</li> <li>- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Vocabulario específico básico de música.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.</li> <li>- Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.</li> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde</li> <li>- Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	Carapuchiña vermella	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Escoitar con respecto a audición	TI	100
CA1.3 - Desenvolver capacidades de recoñecemento visual e auditivo, clasificación, descrición e representación de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Recoñecer sons da contorna		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresar sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas		
CA2.3 - Desenvolver a utilización de elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Coñecer o tempo e o caracter musical		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Participar nos exercicio rítmicos		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresar sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participar na actividade de movemento		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de grafías non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais.</li> <li>- A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.</li> <li>- O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación.</li> <li>- Vocabulario específico básico de música.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.</li> <li>- Construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras.</li> <li>- Linguaxes musicais básicas: progreso no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos máis elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais.</li> <li>- O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expresión e diversi</li> <li>- Técnicas dramáticas e dancísticas elementais.</li> <li>- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	Sinfonía das verduras	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Escoitar con respecto a audición		
CA1.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, empregando o vocabulario específico básico destas.	Coñecer propostas de música moderna		
CA1.3 - Desenvolver capacidades de recoñecemento visual e auditivo, clasificación, descrición e representación de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Colocar as notas no pentagrama		
CA1.5 - Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Coñecer músicas doutras culturas		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Participar nunha danza	TI	100
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto por músicas e danzas doutras culturas		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Coñecer danzas doutras culturas		
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Procurar información sobre músicas modernas		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.	Manifestar respecto por músicas e danzas doutras culturas		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, utilizando elementos básicos da expresión corporal.	Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Compartir as experiencias creativas		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- Principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical.</li> <li>- Vocabulario específico básico de música.</li> <li>- Recursos dixitais básicos para música.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.</li> <li>- Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas.</li> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde</li> <li>- Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas.</li> <li>- Recursos dixitais básicos para as artes escénicas e performativas.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.</li> </ul>



#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

En cada unha das sesións, e con independencia do traballo específico a tratar nelas, o establecemento dunha rutina en cada unha delas permitirá desenvolver e brindarlle ao alumnado:

- Automatización nalgúnhas cuestións básicas a tratar ao longo de toda a etapa, axudando a aportar seguridade e confianza en si mesmo.
- Consecuentemente, fomento dun maior impacto no logro dos descritores a acadar, redundando, ademais, nun maior goce das actividades, especialmente naquelas que conlevan o emprego de aspectos específicos das linguaxes relacionadas coa materia.
- Aclimatación dende o comezo da sesión como enfoque preparatorio para esta, a través da relaxación, atención e concentración, logrando, paralelamente, o emprego do silencio e da recepción activa, tan necesario para calquera das actividades a realizar na sesión.

A tal fin, esta rutina adicará, alomenos, uns minutos (entre 5 e 10), especialmente ao inicio de cada sesión, a traballar o seguinte, e, de xeito xeral, por esta orde e de pé:

- consciencia e colocación da postura corporal
- respiración profunda e consciente
- notas, longas ao comezo, axudadas con fononimia
- fórmulas rítmicas de pregunta e resposta (4 pulsos con carácter xeral) co corpó e/ou coa voz

Dada a casuística da materia no tocante á cantidade de sesións desta -1 sesión semanal- o número total destas por curso adoita ser unhas 35. Para a optimización da súa impartición, empregárase como recurso, na páxina web do centro, unha sección específica para esta materia (ou na Aula Virtual do centro). Nesta o alumnado poderá acceder a:

- recursos dixitais empregados na clase e/ou para levar a cabo tarefas encomendadas
- ligazóns de interese relacionadas coa materia
- outras que poidan ir xurdindo ao longo do curso

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro dixital
Ordenador de aula e encerado dixital con diferentes aplicacións
Minicadena
Altofalantes
Piano eléctrico
Aula virtual
Frauta doce

Estoxo
Instrumentos de percusión de altura indeterminada (PAI) e de percusión de altura determinada (PAD)
Libro de texto

Neste centro, cóntase con instrumentos PAI e PAD, o cal permite ao alumnado poida tocar establecendo quendas rotatorias.

O encerado é dixital e táctil.

O ordenador de aula é novo, empregando os altosfalantes, que están en bo estado, para a reprodución auditiva.

A sección desta materia na Aula Virtual servirá para varias cuestións, como así se pode comprobar no punto das concrecións metodolóxicas.

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do alumnado, levarase a cabo unha serie de probas co fin de coñecer o punto de partida; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras de infantil do curso anterior de ser posible.

Esta avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras 2 sesións, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular. Neste eido cómpre ter en conta:

-alumnado do centro

-alumnado de nova incorporación, do cal só hai referencias previas dos informes individualizados

Dita serie de probas consistirán na execución guiada dunha selección específica de xogos/exercicios/cançons que traballen os aspectos vocal, corporal e motriz e cuxa observación directa será reflectida nun rexistro; ao mesmo tempo, rexistraranse aspectos como a capacidade de recepción, comportamento, actitude, etc.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co DO (ou alomenos comunicaranse, e a través da titoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	14	14	14	14	14	15	15	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100

#### Criterios de cualificación:

A meirande parte dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

-1º trim.: UD1 30% + UD2 30% + UD3 40%

-2º trim.: UD4 50% + UD5 50%

-3º trim.: UD6 50% + UD7 50%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

- 1º trim. 30%
- 2º trim. 30%
- 3º trim. 40%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

- se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.
- se o decimal está entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

### **Criterios de recuperación:**

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ó final de cada UD poderá recuperalos ao final de cada trimestre. Isto terá lugar cara a segunda semana de decembro, marzo e xuño, respectivamente. Neste centro, de ser este o caso, o procedemento será o seguinte:

- Comunicación disto á familia e paralelamente á persoa docente titora. Nesta especificarase aquel/es mínimo/s de consecución que se precisa/n acadar, o que corresponda para tal fin (e sempre en concordancia co instrumento de avaliación correspondente reflectido na presente PD: p. ex. repetición dun traballo e/ou parte deste e/ou dunha interpretación instrumental, etc.).
- Ademais, de especial importancia e interese resultará trasladar esta información ao alumnado: isto farase de xeito individual e entregándolle unha folia que recollerá o que precisa realizar para acadar ese/s mínimo/s de consecución, explicándolle isto verbalmente e resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s trimestralmente isto poderá ser recuperado de cara á avaliación final. De ser así cómpre diferenciar entre dous aspectos:

- Se se trata de algo máis ben específico (por ex.: un traballo a entregar) seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente e terá lugar durante a primeira quincena de xuño.
- Se se trata dun aspecto de adquisición meramente progresivo (por ex.: coñecementos de linguaxe musical ou cuestións técnicas interpretativas) que non foi quen de superar anteriormente pero si no último trimestre darase isto por superado.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo; por iso realizaranse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remate antes as tarefas individuais/grupais da clase.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliaranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso: solicitarase levar a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular.

Establecerase Reforzo Educativo, para o cal non se precisa necesariamente intervención do DO; e traballárase máis na comunicación a través de imaxes e no aspecto da recepción e na vivencia musical e da danza, de xeito que se faga fincapé na integración e inclusión deste tipo de alumnado co resto da clase.

Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grafías de maior tamaño; priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil; énfase no aspecto de índole globalizador, coordinación motriz, lateralidade e/ou psicomotricidade fina, etc.

Con alumnado con deficiencias auditivas cómpre diferenciar entre aquel hipoacústico, co que o obxecto principal é desenvolver a audición no marco da linguaxe, interpretando cancións e exercicios de discriminación auditiva, e o anacúsico, co que o obxectivo principal é estimular a lectura de beizos e axudarlles na súa toma de conciencia sobre as vibracións que o rodean, para o que se lle axudará, sobre todo, cos sentidos da vista e do tacto.

As medidas para a atención educativa virtual ao alumnado que presente dificultades para acudir ao centro educativo por causas xustificadas, serán o uso da aula virtual, videoconferencias por plataformas corporativas e mensaxería por Abalar.

Tendo en conta esta diversidade coa que se conta na aula teñense en conta os diferentes protocolos sendo os máis relevantes nesta aula o Protocolo de protección de datos, Protocolo de atención educativa para o alumnado con Trastorno do Espectro Autista (TEA), Protocolo de consenso sobre o TDAH na infancia, Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar e Protocolo de urxencias sanitarias e enfermidade crónica.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade			X		X		
ET.6 - Espírito científico						X	
ET.7 - Espírito de emprendemento			X				
ET.8 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a paz					X		X

### Observacións:

Os elementos transversais, eiqú numerados, 1-6 e 9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballárase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

O elemento transversal 8 traballárase ao abeiro do B2 no 3º trim. e a través da construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna e de reciclaxe.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Samaín	Costumes dos nosos ancestros	X		
"Música de raíces"	Acudir a unha actuación da Fundación Legar na Casa da Cultura de Quiroga	X		
Nadal	Interpretación de panxoliñas	X		
Día da Paz e da Non Violencia	nterpretación dunha canción co resto de alumnado do centro para conmemorar o Día da Paz e da Non Violencia		X	

### Observacións:

As actividades complementarias están relacionadas co CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade e respecto por estas.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida.
Máis do 80% do alumnado superou a materia.
Metodoloxía empregada
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado
Medidas de atención á diversidade
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Aportouse información ao persoal docente titor.
Apoiouse a implicación das familias no traballo do alumnado.

### **Descrición:**

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiquí recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectírase o índice destes no rexistro diario de aula.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O seguimento da programación realizarase ao rematar cada unidade didáctica a través da aplicación informática PROENS.

A información do seguimento da programación didáctica trasladarase, para a súa valoración e análise ao equipo de ciclo cunha frecuencia mínima mensual, deixando constancia nas correspondentes actas.

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións mensuais do equipo docente de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

- Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
- Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

## 9. Outros apartados